1020
77

PATRONATO ROSALIA DE CASTRO
APARTADO 267
SANTIAGO DE COMPOSTELA

CASA - MUSEU DE ROSALIA
TELEF. 59 91 00 - EXT. 361
P A D R O N
(CORUÑA)

Xunio, 24
1.977

D. Camilo Xosé Cela
Palma de Mallorca.

Benquerido amigo:

A Xunta de Goberno deste Patronato que me honro en Presidir tomóu o acordo de facer constar en Acta a súa ledácia polo feito de que o Rei Juan Carlos o teña escollido a vostede pra Senador da Corona.

Estamos certos de que o Rei non poido escoller mellor. Vostede é, sin dúbida, un dos máis sobranceiros fillos do País. Hai cousas que non se poden disimular: e o País non disimulóu a súa ledicia ao conocer a desinación do Rei Juan Carlos.

Xa sabemos que estamos a estrenar democracia. E que polo de agora ninguén sabe por donde van correr as augas gorentosas que Galicia precisa pra o seu rexurdir no concerto dos demáis pobos de España.

Pero non dubidamos un instante que vostede fará, ao lado de García-Sabell e Zelada --os outros dous designados polo Rei-- ben como con todos cantos recibiron os votos dos Partidos, unha nova figura parlamentaria na loita polos intereses do País.

Facemos votos porque trunfen.

Reciba, amigo noso, cos parabéns máis cordiales a forte aperta de todos nós. Dun modo especial, do seu amigo certo

Sixto

PATRONATO ROSALIA DE CASTRO — PRESIDENCIA — SANTIAGO

Agustín Sixto Seco
Presidente.